

VIGO

La Fundación Sales y Soledad García celebran el Día Mundial de Medio Ambiente

Redacción 4 Días Ago 0 2 Mins



O xoves 5 de xuño ás 17:00 h, a Fundación Sales conmemora o Día Mundial do Medio Ambiente cunha actividade moi especial para o público infantil e familiar: un contacontos participativo con xogos, audiolibro e visita ao Arboretum, centrado na importancia das abellas, e impartido pola escritora Soledad García.

Autora de “URCO unha historia reciclada”, o libro que fomenta a adopción de animais en Vigo, así como os seus recoñecidos paseos literarios polo Val de Miñor, García suma xa 16 títulos premiados, e a súa voz é destacada na narrativa infantil pola concienciación ambiental.

O evento terá lugar nos fermosos xardíns da Fundación Sales, onde conflúen árbores de todas as partes do mundo. “Queremos que as nenas e nenos vivan unha experiencia creativa e sensible, onde os libros sexan unha porta para aprender e coidar as abellas e o mundo que nos rodea”, sinala Soledad García.

A actividade inclúe contaconto con xogos participativos arredor das abellas, audiolibro exclusivo da historia contada e visita libre ao Arboretum da Fundación Sales, todo nun ambiente familiar, educativo e divertido para celebrar o Día Mundial de Medio Ambiente. Para reservas e máis información contactar no teléfono 986 240 882 ou no correo info@salesxardin.com



Tagged: **NIGRÁN**